

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2023007066
ASUNTO	Concesión dos Premios Demo Day correspondentes ao Programa DepoEmprende 2022-2023: Proxecto DepoEmprende na FP
TRÁMITE	Resolución Presidencial de concesión dos Premios Demo Day

MCC

A Deputada Delegada, en uso das facultades que lle confire a normativa vixente dita a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Resultando que por Resolución Presidencial nº 2023001351 de data 17 de febreiro de 2023 apróbanse as bases reguladoras e convocatoria dos Premios Demo Day correspondentes ao programa "DepoEmprende" 2022-2023 dirixida aos centros educativos de formación profesional da provincia de Pontevedra adheridos ao proxecto "DepoEmprende na FP". Ditas bases e convocatoria foron publicadas con data 21 de febreiro de 2023 no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO núm. 36, de 21 de febreiro de 2023) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), indicándose na base sexta que "*O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).*"

Resultando que finalizado o prazo de presentación de solicitudes resulta que as 6 solicitudes presentadas en prazo reúnen as condicións establecidas nas bases e convocatoria así como os requisitos esixidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Considerando que a instrución do procedemento realizouse de conformidade co previsto nas bases reguladoras e convocatoria dos Premios Demo Day, e en concordancia co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

En virtude de iso, vistas todas as solicitudes presentadas, vista a Resolución Presidencial con número 2023002248 de data 20 de marzo de 2023 pola que se aproba a lista definitiva de centros educativos admitidos e excluídos, vista a acta do xurado e vista a dilixencia de conformidade de Intervención.

En virtude do anterior, en base ao establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais lexislación concordante de aplicación e nas bases reguladoras e convocatoria dos Premios Demo Day e de conformidade co disposto na Resolución Presidencial nº 2019014186, de 01 de agosto de 2019, de delegación de competencias da Presidencia e as catro modificacións (RPs de datas 10/01/2020, 11/03/2020, 18/05/2020 e 27/09/2021) e considerando que se cumpren todos os requisitos legais **RESOLVO:**



1.- Conceder os premios Demo Day aos seguintes centros educativos participantes coa seguinte asignación económica de acordo co establecido nas bases reguladoras (base terceira):

CATEGORÍA GRAO MEDIO

Centro educativo	Proxecto empresarial	Puntuación	Premio	Dotación
CIFP Carlos Oroza de Pontevedra	Brunch Café O Camiño	6,04	Único premio	700,00€

CATEGORÍA GRAO SUPERIOR

Centro educativo	Proxecto empresarial	Puntuación	Premio	Dotación
IES Montecelo de Pontevedra	Mia Creativa	8,05	Primeiro premio	700,00€
IES A Guía de Vigo	Depoenxebre	6,89	Segundo premio	500,00€

2.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 23/240.2411.489.00 e que ascende a 1.900,00 € e comprometer o gasto para cada unha das persoas beneficiarias e na contía concedida.

3.- Publicar a relación dos premiados, tal e como se establece na base décimo segunda das bases reguladoras, no BOPPO, na Sede electrónica e na web institucional.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou ben directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da xurisdición Contencioso – Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que poida ser utilizado calquera outro recurso que estime conveniente.

EXPEDIENTE.-INTERVENCIÓN.- BOPPO.-BDNS.- CONTIDOS WEB.-INTERESADOS

